

# A LITERATURA OCCITANA CONTEMPORÁNEA

Pequena Antoloxía con versión galega

**BERNAT VERNHIÈRAS**  
Coordenador

1989

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## INDICE

<b>INTRODUCCION</b> .....	7
<b>BIBLIOGRAFIA XERAL</b> .....	12
<b>I POESIA</b> .....	13
1. RENAT NELLI .....	20
1.1. L'òme e l'unicòrn .....	20
1.1. O home e o unicornio .....	21
1.2. Oda a Montsegur .....	22
1.2. Oda a Montsegur .....	23
2. BERNAT MANCIET .....	34
2.1. Atlantic .....	34
2.1. Atlántico .....	35
3. MARCELA DELPASTRE .....	40
3.1. Lo vent .....	40
3.1. O vento .....	41
3.2. Natanael jos lo figuier .....	42
3.2. Natanael baixo a figueira .....	43
4. SERGI BEC .....	46
4.1. Siaz venguts botar la nuech au fuòc .....	46
4.1. Viñestes bota-la noite ó lume .....	47
4.2. Aquela fugida .....	48
4.2. Aquela fuxida .....	49
4.3. Ai remontat .....	50
4.3. Remontei .....	51
4.4. Dins lo gorg .....	52
4.4. O fondo .....	53
5. IVES ROQUETA .....	54
5.1. Quand parli .....	54
5.1. Cando falo .....	55
5.2. Fuòc Jove .....	56

5.2. Lume novo .....	57
5.3. La nuòch del ventre .....	58
5.3. A noite do ventre .....	59
5.4. Lo fornial amb Cabròl .....	60
5.4. O forno con Cabrol .....	61
5.5. Tota lenga .....	62
5.5. Toda lingua .....	63
6. IVES GORGAUD .....	64
6.1. Chadenas .....	64
6.1. Cadeas .....	65
7. FRANCO BRONZAT .....	68
7.1. Ma vita .....	68
7.1. A miña vida .....	69
7.2. Aranh .....	70
7.2. Araña .....	71
<b>II. PROSA .....</b>	<b>73</b>
1. MAX ROQUETA .....	82
1.1. Lo flume grand .....	82
1.1. O gran río .....	83
2. JOAN BODON .....	84
2.1. Catòia .....	84
2.1. Catoia .....	85
3. PEIRE BEC .....	90
3.1. Occitanòpòlis .....	90
3.1. Occitanópolis .....	91
4. ROBERT LAFONT .....	100
4.1. Après la fin de tot .....	100
4.1. Despois do fin de todo .....	101
<b>III. TEATRO .....</b>	<b>107</b>
1. LEON CORDAS .....	112
1.1. Menèrba 1210 .....	112
1.1. Menerba 1210 .....	113
2. ROBERT LAFONT .....	122
2.1. Ramon VII .....	122
2.1. Ramón VII .....	123
3. CLAUDI ALRANC .....	140

3.1. La Pastoral de Fòs .....	140
3.1. A Pastorela de Fòs .....	141
<b>IV. CANCION .....</b>	<b>157</b>
1. CLAUDI MARTI .....	160
1.1. Lo país que vòl viure .....	160
1.1. El país que quere vivir .....	161
2. P.A. DELBEAU .....	162
2.1. Per har un navèth monde .....	162
2.1. Para facer un novo mundo .....	163
3. JOAN-PAU VERDIER .....	164
3.1. Vei qui l'Occitan .....	164
3.1. Velaquí o occitano .....	165
4. J.M. CARLOTTI .....	168
4.1. Barcatiera dau Ròse .....	168
4.1. Barqueira do Ródano .....	169
5. CLAUDI GUERRE .....	172
5.1. Transoccitània .....	172
5.1. Transoccitania .....	173
<b>REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS .....</b>	<b>175</b>

## INTRODUCCIÓN

Na España de hoxe, orgullosa con dereito das súas autonomías, da dignidade de novo encontrada dos seus pobos e das súas linguas, ¿sábese ó menos que do outro lado dos Pirineos, no territorio francés, sete linguas distintas, escondidas por baixo do francés, vives ou sobreviven?

Estas linguas son:

- o bretón, lingua celta, ó oeste,
- o flamenco e o alsaciano, linguas xermánicas, ó norte e ó leste,
- o corso, que pertence á familia lingüística italarománica,
- e na metade sur, ademáis do catalán e do basco, o occitano ou lingua de Oc (oc = si), da que o territorio "natural", que ocupa 32 departamentos do Estado francés, así como 12 vales alpinos de Italia e do val de Arán en España, fai, cos seus 12 millóns de habitantes, a máis ampla minoría lingüística de Europa.

Por unha estraña paradoxa, no momento no que o poder central celebra con fastuosidade o Bicentenario da Revolución Francesa e da mensaxe de liberdade universal que ela pretende ter dado ó mundo, Francia soa entre tódalas democracias occidentais, debido a unha ideoloxía centralizadora e uniformizadora anticuada, continúa a afogar estas linguas, negándolles todo estatuto oficial con menosprecio do combate que levan a cabo os seus defensores.

Pero estas linguas, o retroceso das cales é necesario constatar e deplorar, non dixeron aínda a súa última palabra. Cada vez máis, a poesía, a novela, o teatro, a canción, e tamén os filmes, dan testemuña dun certo renacemento que, aínda que ben tardío, no caso do occitano, non fai máis que prolongar oito séculos de creación literaria máis ou menos ininterumpida.

Esta antoloxía da literatura occitana contemporánea cínquese a algúns textos dos principais autores occitanos despois de 1945. Moitos outros poderían estar representados. Pero foi preciso limitarse. Intentamos que, en cada unha das seccións -dedicadas á poesía, á novela, ó teatro, así

como á canción- sexan representados os principais dialectos, na medida do posible: o limusino e alberñés, como o gascón, linguadociano e provenzal, engadindo tamén algúns poemas en occitano de Italia.

É bo que, superando os séculos e por enriba das barreiras erixidas entre eles polos estados modernos, esta antoloxía occitana ofrecida ó público galego axude ós nosos dous pobos a atopar os lazos culturais que os uniron na Idade Media, no tempo dos trovadores occitanos e da lírica galego-portuguesa.

Unha breve historia revélase sempre indispensable para situar esta produción literaria e abordala coa perspectiva necesaria.


\* \* \*

Durante os séculos XII e XIII desenvólven o seu labor os trovadores, que configuran unha época de grande esplendor tanto para a literatura coma para a lingua occitana, que presenta unha grande unidade, constituíndo unha koiné. Xa a finais do s. XIII a situación comeza a cambiar, debido fundamentalmente á Cruzada dos Albixenses, que supoñerá o declive da lírica cortés e, á súa vez, do uso do occitano como expresión dunha lírica relevante literariamente, e tamén un período de decadencia.

Hai que dicir que o occitano como lingua xurídica e administrativa sobrevivirá ata o século XVI, sendo cada vez menos empregado ata que recibe o golpe definitivo co edicto de Villers-Cotterêts en 1539, que ordea a utilización do francés en tódolos actos xurídicos. A pesar disto, como lingua popular empregárase ata a Revolución en tódalas capas sociais, e ata a Segunda Guerra Mundial ou os anos 50 entre os campesinos e obreiros.

Nembargantes, no século XVI prodúcese un primeiro rexurdimento literario, no que escritores coma Pey de Garròs (1525-1581) en Gascuña, Belaud de la Belaudièra (1543-1588) en Provenza, Auger Galhard (1540-?) en Linguadoc, xa con unha conciencia lingüística, reivindicaron a cultura e a lingua occitana.

Despois deste primeiro rexurdimento, só emerxen de vez en cando unhas poucas obras destacadas: a de Peire Godolin, en Tolosa, no século XVII, e a de J.B. Fabre no século XVIII.



MAPA D'OCCITANIA (AÏRAL LINGUISTIC)

Así pois, a lingua, que se mantén sen evolucionar, continúa a súa existencia baixo un dobre aspecto: o de lingua popular, sólida e viva; e, dentro dunha literatura de orde menor: literatura culta (traducións de escritores antigos) ou literatura burlesca e popular (parodias de autores latinos, pastorais, teatro...). Pero trátase de esforzos aillados, sen conexión ningunha entre eles.

Entramos xa no século XIX, no segundo Rexurdimento occitano, marcado polo chamado "Felibrismo". O 21 de maio de 1854, sete xoves poetas provenzais (F. Mistral, J. Roumanille, T. Aubanel, A. Mathieu, A. Tavan, P. Giéra e J. Brunet) reuníronse para formula-los fundamentos dunha restauración da lingua e da literatura provenzais. Os seus obxectivos resúmense, por unha parte, en restaura-la ortografía e a gramática, facer da lingua un instrumento novo e, gracias a esta renovación, escribir obras maestras; por outra parte, devolver ó pais occitano a súa conciencia de pobo e obte-lo ensino da lingua co fin de chegar a un despertar completo do pobo provenzal.

Por primeira vez, vese claramente unha organización e un programa gracias ó cal se restaurou a lingua.

Non deixa por isto de ter unha serie de fallos, como o de estar baseado nunha soa persoa (Mistral) ou nunha concepción da lingua demasiado limitada, que facía inaplicable ós outros dialectos unha reforma lingüística.

No plano da literatura, hai que destacar a Mistral coma un gran poeta ademáis de prosista. A súa obra é dunha notable perfección e pureza. O éxito do seu poema épico *Mireio* consagrará o triunfo do movemento felibrista.

Un dos principais acertos de Mistral, á marxe da súa obra literaria e do seu labor como lexicógrafo (*Lou tresor dou Felibrige*), foi o de levantar ó redor del e por todo o país occitano un entusiasmo e unha fe no destino futuro da lingua.

Ó lado de Mistral, Roumanille e Aubanel, aparecen outros escritores de orde menor pero con obras que presentan a mesma preocupación pola perfección, constituíndo a primeira escola felibrista formada por poetas que escribiron no entorno inmediato de Mistral, como Antoine-



Blaise Croustillat (1814-1899), Paul Giera (1816-1861), Jean Brunet (1823-1894), Rémy Marcellin (1832-1908), etc.

O rexurdimento mistraliano propagouse rapidamente suscitando numerosas vocacións. Pero non todos seguiron as súas doutrinas, houbo escritores que escaparon ó felibrismo e que por este feito tamén foron menos coñecidos, sobre todo a partir da reorganización do movemento feita por Mistral no ano 1876.

Así mesmo a partir desta data, esta influencia non se fixo sentir tan rapidamente nin de igual modo en tódalas rexións.

Ata 1890 aproximadamente, é difícil de entresacar talentos verdadeiramente orixinais. A influencia de Mistral, a súa gloria (Premio Nobel de literatura en 1905) e o seu exemplo afogan a orixinalidade e inspiración dos autores. Trátase dunha especie de conformismo que impón sempre os mesmos temas.

A reforma lingüística felibrista non foi aceptada por algúns dos mellores escritores doutras rexións, como Joseph Roux, en Lemosin, quen propón unha nova ortografía baseada na dos trobadores; Perbosc e Estieu en Languedoc, que retoman e continúan esta nova concepción ortográfica tratando de unifica-los distintos dialectos; Valèri Bernard e Marius André en Provenza; F. de Gerda en Gascuña.

Con estes escritores e coa distinguida labor do filólogo Loïs Alibert fórmase a concepción dunha lingua que respete a orixinalidade das diferentes falas, creándose así unha "koiné" literaria que sería adoptada polos escritores das diversas rexións.

Este novo occitanismo lingüístico atopa certas hostilidades, como a dos Provenzais representados por Sully-André Peyre, defensor a ultranza do Mistralismo e poeta moi prolífico doutra parte (en Oc, francés, italiano e inglés).

En función destes antecedentes debe ser situada a literatura occitana do século XX. As dúas posturas sinaladas subsistirán durante bastante tempo, ata que pouco a pouco a concepción dunha lingua xeral a tódalas rexións occitanas, sostida polo sentimento adquirido definitivamente da existencia dunha literatura occitana, foise impondo, sobre todo baixo o impulso do Instituto de Estudos Occitanos fundado en 1945.